

A pretendida oferta "neutral" da escola non é tal, xa que ésta exerce unha función socializadora en códigos de xénero e unha función intelectual como transmisora de contidos culturais, atravesada polo androcentrismo, ocultando o feminino. Non compartimos a concepción da escola como "axente do cambio social", en tampouco a de simple "reproductora da orde social establecida" A primeira cargaría de responsabilidades que non pode asumir e a segunda sería exculpatoria.



A pretendida oferta "neutral" da escola non é tal.

Ensino Secundario: educar para o traballo

□ *Interacción emprego-traballo doméstico*

A escola debe reflexionar sobre a súa práctica e tal reflexión debe levar ao profesorado a exercer unha acción positiva tendente a erradicar o sexismo das aulas.

No Ensino Secundario, atopámonos diante dun problema moi complexo:

- Por unha parte, o alumnado chega condicionado pola familia, a sociedade e o Ensino Primario.

- Por outra, a adolescencia é un período moi crítico, no que unhas e outros "necesitan" afirmar o seu rol, o seu papel para que se lles acepte socialmente.

- Se engadimos o feito de que o E. Secundario é a antesá da elección da profesión, carreira... (optatividade), comprendemos a absoluta necesidade de que aquela acción positiva leve aparelada unha orientación profesional non sexista.

Para iso é preciso abordar o tema en toda a súa complexidade, xa que non podemos pretender que cunha "orientación correcta", consistente nunhas cantas indicacións, as nosas alumnas superan por sí mesmas os obstáculos que lles impiden realizara unha elección non estereotipada:

a) A interiorización de valores e expectativas.

b) Os obstáculos exteriores, entre os que cabe citar:

- O distanciamento da cultura dos aspectos cotidianos.

- A pervivencia dun espazo público contradictorio co privado, considerado este como o reducto feminino e oculto.

- A acción do colectivo de varóns.

(Catalá & García, 1989)

Na nosa sociedade, identifi-



A escola debe lexitimar o traballo doméstico para os dous sexos.

case vida adulta coa vida activa e esta co traballo, pero... ¿para qué traballo educamos e cómo educamos?

A escola ten que examinar os roles do profesorado no centro, a xerarquía, a interacción entre mulleres e varóns.

Ademais da historia, matemáticas, lingua... o alumnado aprende outras moitas cousas, o que se coñece como o currículo oculto: "as rutinas cotidianas, a organización da propia escola, os modos do traballo". (Bowles & Gintis, 1976; Fernández Enguita, 1983, 1984). Adolescentes, varóns e mulleres "aprenden a cumprir o equivalente dunha xornada laboral,

a que outras persoas organicen o seu tempo e a súa disposición do espazo, a realizar os traballos que lles ordean, a integrarse nunha c adea de autoridde, desde a dirección ao profesorado, a competir. Pódese dicir que se lle introduce nunhas relacións sociais semellantes ás que máis tarde encontrarán na produción e na sociedade civil" (Bowles & Gintis e F. Enguita, opps. citadas). Isto non significa que as relacións sociais sexan idénticas ás que se dan na escola, nen que ésta produza "únicamente cidadáns sumisos e acrícticos, como manteñen os teóricos da correspondencia" (Apple, 1982). Pero aínda

que a cuestión excede con moito as posibilidades deste artigo, é fundamental o exame dos papeis do profesorado na propia escola:

Cargos directivos: ¿Quén? ¿Mulleres? ¿Varóns? ¿Quén imparte? ¿Qué áreas? Cursiños de perfeccionamento: quén, por qué. Unha escola xerarquizada, é máis, xerarquizada en códigos de xénero. ¿Cómo vai predicar o contrario do que practica?

Traballo doméstico

Aspectos como traballo, política, ocio... están recorridos polo androcentrismo e condicionados pola ocultación do doméstico e así:

- Traballo non é únicamente aquel que se realiza no ámbito público, xa que o traballo doméstico, como reproductor das condicións materiais da existencia é o máis fundamental dos traballos. Nel realízanse máis de 32 actividades culturais, políticas... (Durán, 1986). "Traballo doméstico é tamén relación afectiva" (Izquierdo).

- A escola que selecciona contidos, ten "esquecido" o traballo doméstico e de que maneira, este, modificou e modifica o medio, os espazos, os ritmos e as súas implicacións científicas e tecnolóxicas.

Se a escola toma a iniciativa, se valora como importante o coñecer, coidar da infancia, das enfermidades, facer as camas..., encontrará menos resistencias e non deixará á iniciativa da loita individual de cada muller na súa casa, o reparto das tarefas domésticas.

MARI ALVAREZ LIRES (STEG)

Suxerencias para incorporar a vida cotián á escola

Algunhas suxerencias para a incorporación da vida cotián á escola poden ser as seguintes:

- Pasar enquisas ao alumnado sobre habilidades e destrezas domésticas, relacionándoas coa ciencia.

- Utilizar nos laboratorios, instrumentos e produtos de uso doméstico para construír aparatos e realizar todo tipo de experiencias.

- Tratar temas como a química da alimentación, os tintes...

- Estudiar e usar en exercicios e problemas a economía doméstica.

- Pór de manifesto a interrelación entre emprego e traballo doméstico: Pódese montar unha minicooperativa que simulara a empresa e reproducir, ao tempo, o doméstico. (Lavar, coñecer).

Trátase de demostrar a interrelación vida cotián-ciencia e de que maneira o traballo doméstico ten contribuído á creación da ciencia.

Intereses e habilidades

Ao propio tempo, conséguese conectar cos intereses e as habilidades adquiridas polas rapazas, que deben considerarse tan valiosas como as tradicionalmente "masculinas" (colocación de enchufes, reparación de aparatos, etc.).

Tamén os varóns saíran beneficiados, adquirindo unhas destrezas imprescindibles para a súa autonomía persoal na súa vida.

ACTITUDE DO ALUMNO ANTE AS MATEMATICAS

Deseño curricular base de matemáticas

Este resumo corresponde a unha investigación realizada por mín en colaboración con M. Alvarez Lires, profesora de Física e con N. Rodríguez, psicóloga e analista informática. Esta investigación formou parte dun informe sobre o Deseño Curricular Base de Matemáticas realizado por lo C.E.I.P.S. da Universidade de Barcelona, e que tiña por obxectivo realizar propostas coeducativas e polo tanto non sexistas ao proxecto de reforma educativa. A estas horas os deseños curriculares básicos das diferentes áreas están xa definitivamente elaborados pero parece que somentes recollen en parte, as propostas feitas.

Para a elaboración do informe necesitábase partir da situación real do noso alumnado e, polo tanto, coñecer os seus intereses, e expectativas de futuro. Tamén interesábanos saber que actitude teñen na actualidade rapaces e rapazas ante as asignaturas das áreas de Ciencias e se a procedencia dun medio rural ou urbano influía de xeito diferenciado nas actitudes duns e doutras.

Pretendimos correlacionar a actitude ante a área de Ciencias (en concreto ante as matemáticas) co nivel de interiorización dos estereotipos de xénero, tanto por parte das nenas como dos nenos, diferenciando para elo os grupos segundo o sexo, así como a súa procedencia, rural ou urbana.

E dicir, queríamos saber se os tópicos de asignaturas apropiadas para as nenas e asignaturas apropiadas para os nenos, seguen a ter vixencia na escola a finais do século XX.

Para atinxir estes obxetivos deseñamos una encuesta que foi pasada a un total de 340 alumnas e alumnos de 2º de BUP de centros públicos de medio rural e urbano. Usamos mostras de conglomerados (é dicir pasamos a encuesta todo o alumnado de cada aula). Eleximos a nivel de 2º de BUP por ser o grupo de estudantes que segundo o plan de estudos vixente teñen asignaturas de Letras e Ciencias, claves para posteriores eleccións. Xa no curso de terceiro terán que tomar una decisión sobre o que van a querer estudar, e ademais é o primeiro ano que teñen no bachelato Física e Latín, tamén teñen Xeografía económica, Literatura e matemáticas, a signaturas entre as que deberán elixir as opcións para o curso seguinte.

Dado que o tamaño da mostra é reducido, os datos considerados non poden ser considerados concluintes, pero poden tomarse como indicadores de unha realidade que ademais podemos contrastar coa nosa experiencia práctica e observación cotián. A técnica estadística utilizada para o análise dos datos foi a "significación da diferenza entre medias". E dicir, comprobamos que as diferenzas entre as puntuacións medias de cada grupo fosen realmente significativas.

Consideramos, que si ben os resultados obtidos non son concluintes o traballo foi moi interesante como estudo piloto para un traballo de maior envergadura, que permita, as persoas implicadas de algunha forma na educación da mocidade, coñecer as expectativas das rapazas e rapaces e influir positivamente tanto en eles como en elas, para que as súas opcións de estudos sexan moito máis amplas e no estén condicionadas por tópicos. Paso por tanto a presentar as conclusións da investigación encuadradas nos seguintes apartados:

- Imaxe personal: características pessoais e afeccións.
- Estudos: elección de Ciencias ou Letras, valoración das diferentes asignaturas e causas do fracaso.
- Sexo e expectativas. Estereotipos.
- Conclusións.

GLORIA SONEIRA VEIGA
(profesora de Matemáticas)

Características pessoais e afeccións dos alumnos

□ As rapazas da cidade falan máis libremente dos ligues

En canto ás **características pessoais** na primeira pregunta do cuestionario figuraban unha serie de características pessoais que tiñan que puntuar de 0 a 10. Unha vez comprobado que non existían efectos interactivos entre o medio e o sexo, é dicir, que o medio influía por igual a rapazas e rapaces, analizamos as diferenzas entre sexos por un lado e entre medio rural e urbano por outro.

Unha primeira observación que quero facer é que tanto rapaces como rapazas atribúense puntuacións altas en casi todas as cualidades. Tan só figuran con puntuacións baixas, persoa desaseada, líder e a orientación política.

Outra observación é que os rapaces puntuáanse moi alto en todas as cualidades tanto nas consideradas socialmente femininas como as masculinas.

Os rapaces puntuáanse significativamente máis alto (al 99%) que as rapazas como persoa audaz, líder, popular, competitiva, individualista, deportista, intelixente e aínda que con menos diferenza tamén se puntuán máis alto que as rapazas nas cualidades de persoa contestataria, lista e desaseada.

As rapazas a súa vez puntuáanse significativamente máis alto (al 99%) en ordenada e sensible, e tamén se puntuán máis alto que eles en timidez.

Respecto as diferenzas encontradas entre o medio rural e urbano sinalamos que o medio urbano favorece que tanto as rapazas como os rapaces se puntuán máis alto en características como líder, contestatario, audaz, inconformista, crítica, competitiva, inquieta e popular.

Afeccións:

Na segunda pregunta do cuestionario se lle preguntaba sobre qué tema que lles gustaba falar cos seus compañeiros e compañeiras. Para esta pregunta fixéronse catro grupos:



Xogos e xoguetes teñen unha grande trascendencia.

nenos de medio rural e urbano e nenas de medio rural e urbano. Podemos observar que os temas que máis lles gustan en xeral aos nenos e nenas, tanto de cidade como do medio rural son os deportes, películas, música, vacacións, actividades do fin de semana, sexo, ligues e amores e compañeiros e compañeiras.

Analizando a influencia dos efectos interactivos do medio rural ou urbano e seco podemos destacar que hai unha diferenza significativa entre o que falan de ligues e amores as rapaces de cidade e as do medio rural, tendo o parecer menos represión para facelo as de medio urbano. Sin embargo, non hai diferenzas neste senso entre os rapaces.

Outro tema e do medio ambiente. As rapazas do medio rural parecen moito máis preocupadas polo tema que as do medio urbano. e a diferenza é moito maior entre elas que entre os rapaces dos dous grupos.

Estamos fondamente convencidos de que a separación entre os temas de conversación da adolescencia segundo o sexo están estreitamente relacionados con xogos e xoguetes que tanto ás familias como a sociedade poñen en maos de uns e doutros.

O papel da escola nesta transmisión non é de neutralidade pois non só non cuestiona o anterior, senon que poucas veces contraresta os efectos propondo alternativas non estereotipadas de actividades de tempo libre, que poidan desenvolver en grupos mixtos e que sexan do gusto de todos e de todas. Queda pois en evidencia, una vez máis, que a escola no está cumprindo o obxectivo de educar desde a igualdade de oportunidades. Segue sendo unha escola desde, para e por o mundo e os valores masculinos. Escola á que se teñen incorporado as rapazas, curiosamente cunha grande éxito no rendimento académico.

Os nenos/as do medio rural prefiren as Ciencias


No apartado de elección de Ciencias ou Letras englobado no capítulo de estudos se pretendía averiguar comprobar se había diferenzas entre rapazas e rapaces e entre medio rural e urbano e a actitude do alumnado ante as Ciencias e as Letras. Os datos revelan que estudar Letras segue a ser considerado como uns estudos pouco desexables.

No contexto do medio rural, onde estudar unha carreira vese como o camiño para abandonar o campo, e o traballo agrícola, como medio de vida, a elección das Ciencias e absolutamente maioritaria, entre homes e mulleres.

Polo contrario na cidade, onde a situación socioeconómica familiar e a proximidade dos centros de estudos acostuma a ser máis favorable, aparece un porcentaxe maior de nenos e nenas que prefiren estudar Letras, aínda que esta elección é minoritaria fronte a elección de Ciencias.

Por outro lado mantense rigurosamente a diferenza tradicional por sexos, que fai que haxa maiores porcentaxes de elección de Letras entre as mulleres que entre os homes.

Nos datos pódese observar como a porcentaxe de mulleres que elixen Ciencias no medio rural é casi igual ao de homes que fan igual elección no medio urbano (mulleres-rural un 44%, homes-urbano 48%) e se aprecian diferenzas significativas (al 99%) entre todos os grupos (mulleres-rural 44%, mulleres-urbano 27%, homes-rural 63% e homes-urbano 48%).



ACTITUDE DO ALUMNO ANTE AS MATEMATICAS

Sexo e expectativas

Noutra das preguntas que queremos detectar hasta que punto teñen interiorizados os estereotipos sobre as posibilidades intelectuales de homes e mulleres.

No estudo de estes datos non se observan diferencias significativas entre o medio rural e urbano encontrándose que todas as diferencias danse entre o grupo das rapazas e o de os rapaces.


Encontramos diferencias significativas ao 99% entre as medias en as frases que afirman que "os homes que se adican a Letras son millores que as mulleres que se adican a Letras", opinión máis extendida entre os rapaces e a frase que si que "o máis importante para unha muller é ocuparse dos seus fillos e do seu marido", opinión máis extendida entre as rapazas.

Sen que podamos facer afirmacións moi definitivas, si detectamos que nestes datos refléxanse actitudes cara ao futuro que presentan grandes contradicións.

Pudemos observar que unha mesma persoa que manifestaba estar dacordo con "as mulleres se lles dan mellor que a os homes tanto as Ciencias como as Letras", puntuaban tamén a frase "os homes que se adican ás Letras son millores que as mulleres que se adican ás Letras. De aquí nos deducimos que a ista idade non hai todavía un pensamento un pensamento coherente, asignaronlle puntuacións altas a moitos tópicos e mostraron grandes contradicións.

Gostaríame resaltar a alta puntuación que atinxe a frase "Que a unha persoa se lle den millor as Ciencias ou as Letras é independentemente do seu sexo", aínda que é significativa tamén a falta de unanimidade, é dicir hai unha alta porcentaxe de persoas en cada grupo que pensa que o sexo condiciona as capacidades intelectuais.

E, por último, queremos tamén comentar a frase "aos rapaces non lles gusta que as suas mozas sexan millores en Matemáticas que eles", na que podemos observar que moitas rapazas opinan que esa frase é certa e isto xunto coa alta consideración que ten a frase "o máis importante para unha muller e adicarse aos fillos e o seu marido" podería interpretarse como un factor de disuasión á hora de facer uns estudos de Ciencias.



As rapazas están máis interesadas que os nenos nas matemáticas

O seguinte paso na enquisa foi facer unha pregunta na que se lles pedía que asignaran unha puntuación de 0 a 10 para cada asignatura, según a nota que tiñan habitualmente valorarán a que lles gustaba ou interesaba da asignatura. Analizando as medias podemos observar que se califican máis alto en nota habitual os rapaces e as rapazas do medio rural, que do urbano (dato que é coherente coa elección de Letras ou Ciencias).

As rapazas de ambos medios puntuaban máis alto que os rapaces do medio correspondiente o seu interese polas Matemáticas. Non sucede o mesmo coa Física. Con respecto ás Matemáticas vemos outra vez que as diferencias entre as rapazas do medio rural e o medio urbano son muy grandes, con unha significación do 99 por cento, manténdose este grao de significación para a diferenza de medias do medio rural e urbano (tamén para a Física).

Eiquí hai indicios para supoñer que as cotas que se piden así mesmas as mulleres á hora de considerarse aptas para realizaren posteriores estudos por Ciencias son máis elevadas que as que se esixen os seus compañeiros, por isto elas van a renunciar máis que os rapa-

ces a facer Ciencias a pesares de manifestar un gusto maior que os rapaces.

Outra observación que nos gustaría facer é a alta calificación que acada o gosto polas Matemáticas no alumnado do medio rural fronte o urbano, pero o profesorado soe manifestar que non percibe esa aceptación nas suas clases. Isto quizás se debe a que as respostas de estes grupos están influidas por a valoración social que poden ter as Matemáticas, e que para o medio rural sea unha forma de mejorar sus expectativas para o futuro.

Características

Respecto a seguinte pregunta de este bloque na que tiñan que asignar a cada asignatura unha ou máis características

das que figuran no gráfico, as Matemáticas e a Física volven a ser calificadas como importantes para continuar os estudos con porcentaxes altos todos os grupos e cunha gran diferenza entre rapaces e rapazas. Esta claro unha vez máis que os rapaces van a elixir estudos de Ciencias e as rapazas nunha porcentaxe demasiado alta renunciarán a eles, por elo non lles parecen tan importantes para continuar os estudos.

Por outro lado, vemos que os catro grupos teñen unha media moi igualada ao escoller "importancia para o futuro" e "ensinar a razoar".

En todo caso os datos recollidos nesta pregunta confirman os observados nas cuestións anteriores de este apartado adicado aos estudos.

G.S.

Causas ás que atribuen o fracaso

Na seguinte pregunta pedíamos que nos sinalaran que asignatura se lle daba peor e a continuación sinalaran entre unha serie de causas as que lle atribuídas as suas dificultades. Debido a que os grupos seleccionados eran completos, a primeira parte de esta pregunta non aporta datos, pois as respostas poder estar influidas por a relación particular de cada grupo con determinados profesores e profesoras, sen embargo, si é interesante estudar as causas que le achacan ao seu fracaso. Nesta pregunta cada cual podía seleccionar unha ou máis causas (un total de 16) para xustificar o seu fracaso na materia que sinalaban. Podemos observar que os rapaces sinalan un número maior de causas, poñen máis xustificacións que as rapazas (unha media de 6 causas os rapaces frente a 4 das rapazas).

Non aparece nengunha causa na que destaquen as rapazas, ao contrario, as medias dos rapaces son sempre maiores en todas as causas nas que hay diferencias significativas (ao nivel do 99%) entre os dous grupos.

As causas sinaladas maioritariamente son:

- Non teño facilidade para esta materia.
- Non sei estudar esa asignatura.
- Teño mala preparación de cursos anteriores.
- Estudo pouco.
- Non rindo nos exámes.

Nestas cinco causas as porcentaxes acadadas son superiores ao 50% nos grupos de rapaces.

E as causas alegadas polas nenas para o seu fracaso son (tan só a primeira acadou porcentaxes superiores ao 70%:

- Non teño facilidades para esta materia.
- Non rindo nos exámes.
- Teño mala preparación de cursos anteriores
- Non sei estudar esa asignatura.

Nenos e nenas concluyen que as matemáticas non son importantes para a vida diaria

A pesares das limitacións do estudo realizado, os resultados son coherentes con estudos similares realizados por outras persoas, tanto en Galicia como no resto do Estado e outros países.

A escola a pesares de ser mixta segue reforzando os estereotipos de xénero, as rapazas non teñen moita oportunidade de que as cousas que aprenden na escola teñan demasiada conexión con aquelas cousas polas que se interesan, non se sinten protagonistas na escola, e ven que ás posibilidades que teñen están todas elas realacionadas ou con profesións consideradas femininas, de menor prestixio social e peor retribuídas ou co seu acceso a profesións hoxe reservadas aínda aos varóns e nas que os mecanismos de disuasión para elas son enormes.

As rapazas non teñen tan boa imaxe de si mesma como os rapaces, e interiorizan fortemente a idea de dificultades que lles vai supoñer a incorporación ao mundo masculino.

A escola mixta non conseguiu modificar as expectativas profesionais das rapazas tanto como ten modificado seu convencimento de que entre elas a seus compañeiros de aula non hai diferencias, elas e eles consideran que a igualdade formal é grande e que non debería ter diferentes oportunidades á hora de acceder ao mundo profesional.

Pero á hora de manifestaren as suas expectativas profesionais responden na sua grande maioría de xeito moi ligado ás opcións ben vistas socialmente para o seu sexo.

En canto ás Matemáticas nenos e nenas dín que non resulta unha asignatura útil para a vida diaria. E unha materia que tampouco resulta fácil e somentes a Física gánalle en dificultades, e cando o alumnado dí que son importantes para continuar os estudos con porcentaxes tan elevados nos reflexionamos que isto parece sinalar que consideran as Matemáticas importantes, non tanto como instrumento para desenvolver outros estudos senon que como é unha materia que figura como asignatura en tódalas las carreiras e ademais unha asignatura moi dura, pero non ven a súa utilidade e aplicación. Estes datos levannos a concluir que "as Matemáticas" están aínda desligadas da vida cotián e dos intereses das nosas alumnas e alumnos, e vense na obriga de estudalas, como quen pasa por un mal trago por ser unha barreira que teñen que superar no camiño hacia sua profesión.

Estando en tempos de reforma do sistema educativo sería necesaria unha reflexión por parte dos estamentos implicados nela para educar "persoas" dun xeito integral e erradicar os estereotipos e as desigualdades.

Nos últimos meses do ano 1989, a caída do muro de Berlín causou unha verdadeira conmoción en todos os países occidentais. Periodistas, analistas, especialistas en política internacional, representantes de partidos políticos, xefes de estado, economistas e un longo etcétera de personaxes manifestaron as súas opinións por escrito e por oral.

A caída do muro de Berlín

□ ¿Onde estaban as mulleres? ¿Supúñase que elas tamén ían participar?

Apreciaron as autofelicidades pola chegada da democracia e a participación, pero ¿onde estaban as mulleres? ¿supúñase que tamén elas, o 50% da poboación, ían participar? ¿dábase por suposto que estaban incluídas dentro dos manifestantes e oradores varóns?

Tiven ocasión de escoitar a conferencia que pronunciou Karin Hausen na Universidade Autónoma de Barcelona en xaneiro deste mesmo ano, para darnos conta das súas investigacións, utilizando o xénero como categoría de análise.

Confesounos que se pasara moitas horas diante do televisor, tratando de ver as mulleres nas grandes manifestacións que acompañaron a caída do muro. Reproducimos as reflexións de Karin con toda a fidelidade que nos permitiu a tradución simultánea:

"Só tres mulleres tomaron a palabra:

Unha primeira muller falaba en contra do consenso existente, chamando as mulleres a que non pensasen que a democracia significaba igualdade de dereitos para elas, explicitando a necesidade da súa organización e loita.

Cáseque non se lle aplaudiu. O seu discurso quedou como marxinal e sen eco.

Na RDA considerábase que xa "existía a igualdade no socialismo".

"Noutro momento, e despois de máis oradores masculinos, unha segunda muller colle o micrófono, dicindo que agora xa non había que tratar os problemas específicos da muller, utilizando un tono antifeminista.

A segunda oradora quería evitar que a visen como muller e, xa que logo, non lle desen creto. Pouco antes de rematar a manifestación, unha muller maior, foi a única que levantou a voz en contra das opinións da

xente nova, que desvalorizaba todo o realizado nos últimos 40 anos. A muller falaba da súa contribución á construción do socialismo como conductora de tractores e como nai de fillos traballadores cualificados.

As súas palabras non tiveron eco".

"Para utilizar o xénero como categoría de análise deste proceso, como de outros procesos históricos, é preciso facer algunhas reflexións:


Ata agora, as mulleres non aparecen nas imaxes históricas. Se se fala de muller, faise a través de estereotipos como "as mulleres foron forzadas a coller un traballo asalariado pola explotación capitalista e saír dos seus fogares", "as mulleres están apartadas dos asuntos políticos e non teñen interese", ou "a emancipación das mulleres favorecida polas máquinas".

Nada se sabe

Nada se sabe sobre o movemento das mulleres, as súas relacións laborais, as súas impotencias, os seus logros... Prácticamente só cabe a muller dentro do fogar, para manter a unidade dentro da familia e darlle persoas á sociedade. A muller ven ser sinónimo de "ingredientes natural".

Sosteo que a consideración histórica condiciona as relacións sociais, e as mulleres carecen de posibilidades para configurarlas.

Se queremos unha historia futura que teña en conta non só os varóns, senón tamén ás mulleres, compre reflexionar en termos de relación de xéneros, reflexión que se fai desde a investigación feminista. As mulleres tamén fixeron historia, pero houbo grupos de persoas, sobre todo de varóns, que tiveron a posibilidade de configurar as imaxes masculinas e femininas, pedagogos, artistas, empresa-



rios, persoas que traballaron nos medios de comunicación...

Trátase de desvirtuar as posicións pretendidamente "neutras". Reconstruír a historia desde o momento actual significa poñer de manifesto que nos atinxe de unha maneira específica desde a perspectiva de xénero, na economía, na familia, na política. E esta perspectiva ten moitas implicacións e é un método ben complexo e difícil de aplicar. Vexamos algúns exemplos:

Cando se dí que "as criaturas están mellor na familia", hai que ter en conta que o traballo requerido só o realizan as mulleres e sen remuneración. Logo, debemos perguntar que accións se van levar a cabo socialmente.

Debemos perguntar tamén polas posibilidades de cualificación profesional e política das mulleres.

Debemos facernos outras preguntas, utilizando o xénero como categoría de análise:

- Espacio-Tempo.
- Privacidade-publicidade.
- Tempo de traballo-Tempo de ocio.

Todas elas presentan características diferentes en función do xénero, significan cousas distintas para as mulleres e para os varóns. E así pensamos na dualidade cocina-salón; mobilidade no espacio-rúas nocturnas. Ou o que significa a familia para a muller e para o varón. "Utilicemos estas reflexións para analizar as intervencións das nosas oradoras:

A segunda muller afirmaba que os asuntos das mulleres son marxinais nunha revolución. Opinión maioritaria da xente

que non teña reflexionado sobre "xénero e realidade", para a que os asuntos humanos non son suma de asuntos femininos e masculinos, senón unha categoría aparte, identificándose cos asuntos dos varóns. Resultado do tratamento que se ten dado ao xénero na historia moderna, porque os varóns, que foron os que tiveron o poder de definición, situaron nun lugar xerárquico o público identificado co xeral, xenérico e supra-privado e relegaron ás mulleres ao mundo do privado.

A segunda oradora e a terceira aceptaban esta tradición, incapaces de ver os asuntos da muller como asuntos xenéricos.

Se a historia quere ver se houbo mulleres nas rúas de Berlín, non as atopará, xa que as manifestantes, estarán dentro dos manifestantes. As mulleres só se verán nos vídeos e nas fotos. Antes do 89, as mulleres da RDA tiñan contraído un compromiso político e tiñan loitado polos "asuntos femininos". Pero cando se ven abaixo o movemento, a voz das mulleres escoitouse cada vez menos, baixo o mandato dos novos políticos.

Como en todas as revolucións, na loita hai moitas mulleres, pero na nova orde, as mulleres carecen de posibilidades e dereitos para configurar as relacións sociais. Establécese un consenso social no que as mulleres volven a ser relegadas á familia, e no que os varóns teñen máis dereito a un posto de traballo remunerado.

E así os varóns seguirán arredor do público e as mulleres voltarán a privacidade.

MARI A. LIRES
(Transcripción)

□ NOVAS

Exposición fotográfica

Dende hoxe e hasta o 7 maio na Facultade de Humanidades de Ourense estará aberta a exposición fotográfica adicada a Francisco Ferrer i Guardia e a Escola Moderna (1859-1909), que organizan Nova Escola Galega, Universidade de A Coruña, Universidade de Vigo e Universidade de Santiago. A exposición está coordinada por Mercedes Suárez Pazos y contase coa colaboración de Caixa Galicia, en cuia Aula de Cultura desenrolaranse o ciclo de conferencias e mesas redondas que acompañan a exposición.

A exposición será inaugurada as 7 da tarde na Facultade de Humanidades. O día 7 haberá unha unha mesa redonda encol da "Escola ferrerista e o seu contexto no Estado español e en Galicia" na que participarán: Xabier Castro, Herminio, Barreiro Rodríguez, Antón Costa Rico, Antón Fernández Alvarez, actuando como coordinador Xosé Manuel Cid Fernández. O lugar será a Aula de Cultura de Caixa Galicia.

A exposición recorre seguidamente varios puntos de Galicia (Santiago, A Coruña e Pontevedra).

Día Mundial da Cruz Vermella

Mañana venres darán coenzo as actividades programas pola Asamblea provincial da Cruz Vermella para conmemorar o "Día Mundial" desta institución. A primeira delas será a participación na tradicional festa dos maíos.

O luns, día 6, presentarase no colexio Curros Enriquez o concurso de debuxo "Unha luz na escuridades". O martes haberá una mesa redonde encol do tema "Novos campos de intervención para a acción voluntaria en Ourense". Para o mércores está prevista una conferencia sobre "As relacións internacionais: dimensión humana", a cargo de Celestino del Arenal e o encoto de voluntarios. O xoves tratarase o tema "Non te enrolles ca guerra". As actividades rematarán o sábado, día 18, coa celebración do "II Concurso provincial de Socorrismo".

GARABULLINO



NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

